

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE VEDRA NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE VEDRA.

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 29.12.2025 co Concello de Vedra unha addenda o instrumento convencional arriba referido, que terá unha nova vixencia que se estende ata o 29 de decembro de 2027.

- Que a addenda ao instrumento convencional ten por finalidade:

a) Aumentar en 61.377,78 € o custo total da obra e axustar a participación económica de cada parte.

b) Ampliar o prazo para xustificar os gastos, establecendo novas datas límite para as anualidades de 2026 e 2027.

c) Prorrogar a vixencia do convenio ata o 29.12.2027.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o addenda ao instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

*“Con data de 23 de outubro de 2025, o Concello de Vedra comunica a súa imposibilidade de executar, dentro do prazo inicialmente establecido, as actuacións de reforma previstas. Así mesmo, achega o proxecto definitivo de reforma e ampliación, cun orzamento final de 601.304,28 €, o que supón un incremento de 61.377,78 € respecto da valoración inicial. En consecuencia, solicita a modificación do importe total da obra de reforma e das achegas que corresponden a cada unha das partes, así como a prórroga do prazo de vixencia do convenio.*

*[...]*

*A concorrencia dos distintos condicionantes existentes –ampliación estrutural, reforma integral, mantemento do servizo sanitario, renovación das instalacións e elevada esixencia normativa– fundamenta tanto o incremento do importe do proxecto definitivo como a necesidade de establecer un prazo de execución superior ao previsto para unha reforma de carácter convencional. En consecuencia, determínase un prazo estimado para a licitación e posterior execución das actuacións superior aos 12 meses, en atención á complexidade técnica da intervención e ao carácter especialmente sensible do inmoble.”*

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

